



O EMPAPELADO AMARELO

de **Charlotte Perkins Gilman**
con **MELANIA CRUZ**
dirección **TITO ASOREY**

A QUINTA
DO CUADRANTE



COLABORA:


 Concello de **OURENSE** Cultura

Hai cousas nese empapelado que tan só eu coñezo. Sei que detrás dese deseño medra cada día unha forma escura, como unha muller que reptase curvada pola parte máis baixa da parede, baixo o debuxo do papel amarelo.

A miña vida é máis interesante agora do que antes. Teño algo que mirar, en que pensar, polo que ilusionarme. Como mellor e estou máis tranquila, e el está encantado. O outro día dixo rindo: *Estás rexuvenecendo a pesar do papel amarelo.*

E eu rin. E rimos os dous. Como había tempo que non riamos. *A pesar do papel amarelo*, dixo.

Eu diría: *Grazas ao papel amarelo.*



Cando se publicou esta historia,
un médico de Boston afirmou:

*Unha historia como esta non
debera terse escrito. Lela sería
suficiente como para facer tolear
a calquera.*

Eu non pretendía facer tolear
á xente, senón salvar á xente
de tolear.

E funcionou.

O EMPAPELADO AMARELO

O empapelado amarelo é un espectáculo teatral unipersoal que parte do relato autobiográfico homónimo publicado en 1891 pola autora norteamericana Charlotte Perkins Gilman.

Nel narra, en primeira persoa, as perniciosas consecuencias dun tratamento médico que lle fora diagnosticado por un coñecido doutor da época para combater o estado melancólico e depresivo no que se atopaba a raíz do nacemento da súa primeira filla. Este tratamento consistía basicamente na eliminación de todo tipo de actividade intelectual e creativa, nunha dieta hipercalórica e nun encerro case total no seu fogar. Este remata por converterse nun cárcere onde ela, acostuada a unha intensa actividade social e artística, acabaría por achegarse ao abismo da existencia e ao límite da súa cordura.

A autora utiliza as claves do relato de terror gótico para denunciar os mecanismos de represión propios do heteropatriarcado sobre as mulleres da súa época, privadas de todo tipo de voz pública e pechadas nun sistema que as facía plenamente dependentes dos seus esposos. Rebélase así contra as convencións da época, apostando por unha radical liberación da muller do xugo masculino e unha defensa da necesidade de conformarse como suxeito de pleno dereito, empoderándose sen concesións.

O empapelado amarelo é unha das mellores mostras da literatura feminista mundial do século XIX, que aínda hoxe é xerme de diversas interpretacións, revisións e novas lecturas por parte de artistas de todo o mundo, dado o seu carácter fundacional, onde a autora constrúe unha personaxe que representa un arquetipo contemporáneo da loita da muller por acadar a liberdade plena.

Dende A Quinta do Cuadrante eliximos este relato como punto de partida para a creación dun espectáculo que dialogue, dende o noso século XXI, coas palabras de Charlotte Perkins Gilman, reflexionando escenicamente sobre a necesidade de continuar, case 150 anos despois da súa publicación, coa loita incesante pola nosa liberdade e a defensa da creatividade e da arte como elementos indispensables para a construción dunha personalidade completa.

A person with dark hair is lying on their side on a dark surface, covered by a light-colored blanket with horizontal stripes. Their head is resting on their hand, and they appear to be asleep. The scene is dimly lit, with a soft light source from the left creating a gentle glow on the blanket and the person's face.

ESCÓITAME

Pídoche polo teu ben e polo da nosa
xilla que nunca máis nin por un
momento che pase esa idea pola cabeza.
Non hai nada máis perigoso para un
temperamento fantasioso como o teu.
Mantén afastadas as túas fantasías.
Non te fías de min como médico?

E quedei en silencio

SINOPSE

A muller protagonista, da que descoñecemos o nome, ten dentro de si unha chea de historias que desexa contar, e que lle bulen na cabeza con ansias, quizais utópicas, de transformar o mundo.

Chegado un momento crúzase nesa vida dedicada á escritura un médico de prestixio que semella ser o seu complemento perfecto, aínda que ela endexamais tivo inclinación por amoldarse aos convencionalismos sociais con respecto á parella e a maternidade. Pouco a pouco vai cedendo terreo aos desexos dese home, casando e quedando grávida.

Cando dá a luz á súa filla súmese nun estado depresivo motivado por un forte sentimento de perda de liberdade e de culpabilidade por non ser quen de atender á criatura que enxendrou. O seu marido decide que o mellor xeito de tratar o estado de extrema melancolía da súa muller é trasladarse con ela a unha casa no campo, afastada de todo tipo de contacto humano, prohibíndolle calquera tipo de estímulo intelectual, de xeito que poña freo ás súas fantasías e poida asumir a realidade que lle tocou vivir nese momento. Comeza así unha nova vida pechada nun ático onde ten como único estímulo as vistas dende a ventá e un horrible empapelado amarelo que cubre as paredes.

Pouco a pouco ela comeza a establecer unha conexión co empapelado, obsesionándose con el e percibindo como as liñas do debuxo se van enlazando en labirintos que forman estraños seres que a fitan e que lle producen un sentimento de angustia. Ao presentarse como o seu único estímulo, pasa as horas ollando e fabulando con esas formas, ata que pouco a pouco comeza a observar como outra muller, tras a parede, vive pechada nese empapelado, loitando cada noite por liberarse. Esa sorte de fantasma, que ben podería ser a súa dobre e na que ela canaliza as súas obsesións, vai tendo máis presenza nos seus pensamentos. Con ela comparte desexos, historias e fantasías de liberación, mentres que a relación co seu marido e coa irmá deste se vai facendo máis distante. Co paso dos días empeza a sumirse nun estado no que busca a liberación a través da fascinación por ese empapelado, soñando con liberar á muller que vive presa nel. Cando chega o último día da súa reclusión nesa casa, ela decide levar a cabo o seu plan: arrinca coas súas mans o empapelado nun estado febril pero de extrema lucidez, acabando coa súa imaxe idílica de muller feble e ansiosa de coidados, en radical oposición ao fogar que para ela construíu o seu esposo.

HAI COUSAS NESE PAPEL

[illegible]

POR QUE O EMPAPELADO AMARELO?

Cando dende A Quinta do Cuadrante atopamos este texto nunha antoloxía de relatos góticos escritos por mulleres, inmediatamente quedamos fascinadas coas súas potencialidades escénicas. Nesta historia sobre o descenso ás profundidades dunha mente en crise e a capacidade de rebelión contra o establecido, que a autora relata dun xeito nada panfletario, percibimos que tanto a temática como a forma na que se expresa son un punto de partida verdadeiramente estimulante para unha exploración escénica.

Despois de ter investigado en anteriores espectáculos (*Resaca*) e obradoiros (*Fogar#1*) a temática do fogar como espazo en crise no mundo contemporáneo, *O empapelado amarelo* xorde como un novo achegamento a esta problemática. O espazo íntimo do fogar da protagonista, lonxe de ser un espazo de protección fronte a un mundo exterior complexo, pasa a ser o seu principal foco de conflito, converténdose nunha prisión construída cos muros dos convencionalismos sociais imperantes que lle impiden a libre creación da súa propia identidade, como muller, e como creadora. Como Nora de *Casa de Bonecas*, finalmente derrubará os muros dese fogar, pero, ao contrario que a heroína de Ibsen, non para atopar a liberdade fóra, senón dentro de si mesma, ou mesmo dentro da súa propia tolemia, e aí é onde o espectáculo acada un dos seus principais atractivos, ao mesmo tempo que expón o seu principal enigma: pode a loucura ser unha sorte de liberación persoal fronte a un mundo que nos oprime? Ata que punto a loucura non é, ás veces, unha forma de lucidez? Son preguntas ás que non se pretende contestar, senón puntos de partida sobre os que investigar e propoñer e a partir dos que os espectadores poidan conformar as súas propias opinións.

O EMPAPELADO AMARELO É

Unha posta en valor do papel das mulleres como creadoras ao longo da historia, invisibilizadas por un sistema que condenou á metade da humanidade ao esquecemento.

Unha experiencia teatral que afonda na crise actual dos modelos de relacións amorosas baseadas nunha serie de valores que debemos poñer en cuestión.

Un monólogo que reflexiona sobre a problemática contemporánea do papel da muller como nai poñendo en cuestión a visión tradicional dos roles de xénero dentro do fogar.


Unha aposta pola necesaria rebelión contra un sistema mercantilista no que prima como valor esencial a produtividade, esquecendo outros valores que van máis aló do excesivo racionalismo.

Unha peza teatral que afonda na necesidade de mergullarse no caudal creativo interno como modo de construírmonos como seres humanos completos.

Unha viaxe cara os abismos dunha mente en crise que loita por sobrevivir nun mundo que a oprime, que a tenta uniformar, impedíndolle a libre construción de si mesma.

Unha historia que, partindo dunha intensa experiencia individual, nos conecta con emocións, ansias e inquietudes universais.

Un espectáculo onde unha actriz, acompañada do traballo conxunto dunha serie de artistas plásticas e sonoras, vivencia unha viaxe emocional dende os territorios da reclusión aos da liberación, ofrecendo unha interpretación intensamente física, onde a palabra, a iluminación e o son teñen unha importancia primordial.



O ESPECTÁCULO

O empapelado amarelo é un espectáculo teatral unipersoal que busca a intimidade co espectador, onde unha actriz ofrece un diálogo, dende a nosa contemporaneidade, coas palabras de Charlotte Perkins Gilman.

O formato elixido privilexia o son e a iluminación como principais elementos de significación, creando un universo onde a palabra, a imaxe e as atmosferas sonoras permiten a evocación dunha viaxe emocional liberadora cara os territorios da loucura e da lucidez. Todo isto apoiado visualmente cunha sutil e atmosférica iluminación, capaz de crear universos onde se mesturan, ás veces como un soño, outras como un pesadelo, a realidade e a ficción.

Recuperamos para a nosa posta en escena o formato elixido pola autora orixinal, o conto gótico de terror, pero achegándoo aos nosos propios referentes contemporáneos para construír un espectáculo onde o espectador forme parte activa da recepción, permitindo un xogo co seu propio imaxinario.

Iniciamos así, con este espectáculo, unha vía de exploración contemporánea baseada na palabra como peza fundamental da nosa linguaxe teatral. Dende A Quinta do Cuadrante estamos á procura de novos xeitos de achegarnos á oralidade, que dialoguen con outras linguaxes escénicas e que nos permitan seguir investigando no ámbito do teatro contemporáneo.

A AUTORA DO RELATO **CHARLOTTE PERKINS GILMAN**



CHARLOTTE PERKINS GILMAN é unha escritora non moi coñecida no noso país, claro síntoma dun problema estrutural grave con respecto á presenza de autoras no canon literario global.

A autora, como a propia protagonista do relato, sufriu en carne propia os métodos médicos para o tratamento das enfermidades que se converteran nunha pandemia a finais do século XIX para a poboación “feminina”, provocadas pola atmosfera asfixiante na que tiñan, obrigatoriamente, que desenvolver as súas vidas. Despois de dar a luz á súa primeira filla sofre unha depresión posparto que a leva a ter que poñerse nas mans dun recoñecido médico da época, o Dr. Weir Mitchell, que lle prescribe un tratamento de repouso absoluto, prohibíndolle todo tipo de actividade creativa para o resto da súa vida. Durante os meses que atura ese tratamento, entra nunha espiral de depresión moito máis aguda, cunhas consecuencias para a súa saúde mental que relatará posteriormente no relato que nos ocupa. Tras tomar conciencia da verdadeiras causas que a levan a ese estado depresivo, toma a resolución de divorciarse do seu home, algo insólito na época, e mesmo chega a ceder a custodia da súa filla para dedicarse de cheo á actividade que realmente a apaixonaba: o activismo político feminista e a escritura. O comportamento de Charlotte Perkins con respecto á maternidade e a loita radical por liberar á muller do xugo heteropatriarcal levouna a ser moi criticada na súa época, sendo a súa obra literaria condenada ao esquecemento ata que rexurdiu na década dos 60 do pasado século, sendo considerada unha precursora indiscutible do moderno movemento feminista.

Dende *A Quinta Do Cuadrante* cremos que a súa mirada intensa, incómoda e revolucionaria sobre o rol da muller na sociedade é sumamente precisa para comprender ata que punto é importante traballar dun xeito incansable por liberarnos de ataduras sociais preestablecidas e loitar polo dereito de toda persoa por acadar un desenvolvemento persoal completo, atendendo non só a condicionantes marcados polo capitalismo e o mercantilismo.

REPÍTESEME

Repíteseme, repíteseme, repíteseme
repíteseme, repíteseme, repíteseme
repíteseme, repíteseme, repíteseme
repíteseme, repíteseme, repíteseme
repíteseme, repíteseme, repíteseme
repíteseme, repíteseme, repíteseme
repíteseme, repíteseme, repíteseme
repíteseme, repíteseme, repíteseme
repíteseme, repíteseme, repíteseme
repíteseme, repíteseme, repíteseme

~~REPÍTESE~~

REPÍTESEME

Repíteseme, repíteseme, repíteseme
repíteseme, repíteseme, repíteseme
repíteseme, repíteseme, repíteseme
repíteseme, repíteseme, repíteseme
repíteseme, repíteseme, repíteseme
repíteseme, repíteseme, repíteseme
repíteseme, repíteseme, repíteseme
repíteseme, repíteseme, repíteseme
repíteseme, repíteseme, repíteseme
repíteseme, repíteseme, repíteseme

~~REPÍTE~~

A COMPAÑÍA

A Quinta Do Cuadrante é un novo proxecto dos creadores escénicos Melania Cruz e Tito Asorey. Tras ser cofundadores da compañía ilMaquinario Teatro e participar ambos os dous en numerosos proxectos con colectivos de todo o país, deciden neste ano 2019 crear esta nova plataforma dende a que seguir experimentando, explorando, traballando e ideando espectáculos. A Quinta Do Cuadrante nace neste 2018 como fogar teatral, como espazo de investigación, como lugar ao que retornar de outras experiencias que nos nutren.

A Quinta Do Cuadrante nace con vocación de continuidade, co obxectivo de idear espectáculos de diversos formatos nos que conflúan e dialoguen diferentes disciplinas artísticas. Un espazo aberto desde onde poder traballar con diferentes creadoras e creadores dun xeito que prime a horizontalidade e a confluencia.

O empapelado amarelo será o primeiro espectáculo desta nova compañía que nace en Galicia, cos pés pousados na nosa terra, consciente da nosa tradición teatral, agradecida de todas as experiencias anteriores, e coa vista posta nun futuro no que o teatro debe achegarse a un público contemporáneo con disciplina, escoita, paixón, rigor, experiencia e afán lúdico.



The background of the entire page is an abstract, textured blue. It features wispy, smoke-like patterns that are lighter in the upper left corner and gradually become darker and more uniform towards the bottom and right. The overall effect is ethereal and atmospheric.

O EQUIPO

Este primeiro espectáculo de A Quinta do Cuadrante está interpretado por Melania Cruz, unha das intérpretes galegas con máis proxección dos últimos anos (Premio María Casares 2015, Premio Mestre Mateo 2018), no que supón o seu primeiro espectáculo unipersoal. A dirección recae na outra parte do núcleo da compañía, Tito Asorey (Premio María Casares 2015), mestres que a dramaturxia é obra de ambos. A este proxecto uníronse catro creadoras novas pero cunha ampla traxectoria no mundo teatral e audiovisual: Laura Iturralde, Xavier Bértolo, Renata Uzal e Lucía Estévez, que permiten a construción dun espectáculo onde a palabra dialoga coa luz, a escuridade, os tecidos e as atmosferas sonoras e visuais, conformando unha experiencia teatral intensa e chea de matices.

MELANIA CRUZ

A C T R I Z



MELANIA CRUZ é diplomada en Maxisterio e Titulada Superior en Arte Dramática. Mestrado en Artes Escénicas. Comeza o seu contacto co mundo da interpretación da man de Marga Portomeñe e posteriormente pasa cinco anos na Aula de Teatro da USC no Campus de Lugo ata que decide especializarse en Interpretación Textual na ESAD de Galicia. Traballa en diferentes compañías de teatro (EscénaT, Teatro de Adro, CDG, Contraproducións) e cofunda xunto a catro compañeiros ilMaquinario Teatro.

Dende 2008 desempeña o papel de axudante de dirección en Teatro Muxicas, colectivo pertencente ao Movemento Teatral ONCE, onde dirixe *A Visita da Vella Dama* en 2014. Ese ano debuta en audiovisual interpretando o papel de Raxada no filme *A Esmorga*, de Ignacio Vilar, con quen tamén traballa en *Sicixia*. Protagoniza as películas *DHOGS* de Andrés Goteira, e *Arima* de Jaione Camborda, e participa en *Trote* de Xacio Baño. Traballa nas series de televisión *Urxencia Cero*, *Serramoura*, *Fontalba* e *Viradeira*, e protagoniza o telefilme *Contou Rosalía*.

En 2016 recibe o premio María Casares a Mellor Actriz Protagonista por *Xardín Suspenso*, e no 2018 o Mestre Mateo a Mellor Actriz Protagonista por *DHOGS*.

TITO ASOREY

DIRECTOR E DRAMATURGO



TITO ASOREY é licenciado en Historia e Arte Dramática (Dirección de Escena). Mestrado en Artes Escénicas. Compaxina desde o ano 2000 a súa dobre faceta como actor e director de escena, tratando de establecer unha retroalimentación o máis frutífera posible entre estes dous oficios. Como actor estivo vinculado á compañía Sarabela Teatro dende o 2000 ao 2010, momento no que comeza a traballar en Ur Teatro, baixo a dirección de Helena Pimenta.

A partir do 2014 centra a súa carreira como intérprete no mundo audiovisual. Como director foi responsable de máis de vintecinco espectáculos realizados con todo tipo de colectivos, tanto profesionais (Teatro de Adro, ilMaquinario Teatro, Centro Dramático Galego), como de carácter máis comunitario (teatro para a xuventude, teatro con invidentes, teatro documento, experiencias pedagóxicas...). Estivo vinculado á Compañía Nacional de Teatro Clásico durante os anos 2013-2014, na que ocupou o cargo de axudante de dirección e coordinador pedagóxico. Entre os galardóns que ten recibido destacan tres Premios nacionais de Teatro “Buero” (nos anos 2007, 2008 e 2010), así como cinco Premios María Casares (Mellor Actor Secundario, Mellor Iluminador, Mellor Adaptación, Mellor dirección e Mellor Espectáculo). Os seus últimos espectáculos dirixidos foron *O Home Almofada*, *Perplexo* e *Resaca*, de ilMaquinario Teatro (entre os tres espectáculos acadaron un total de 24 nominacións aos Premios María Casares) e *Somos Criminais*, para Ainé Produccións (con máis de 30.000 espectadores nos seus primeiros meses de xira).

LAURA ITURRALDE

ESCENÓGRAFA E ILUMINADORA



LAURA ITTURALDE é videojockey, escenógrafa, fotógrafa e iluminadora. É técnica superior en Imaxe pola Escola de Imaxe e Son de Vigo, técnica superior en Gráfica Publicitaria pola Escola de Arte de Salamanca e titulada superior en Arte Dramática na especialidade de Escenografía na ESAD de Galicia.

Desenvolveu a súa actividade profesional en diversos eidos, maioritariamente relacionados coas artes escénicas, nos que se ocupou da parte plástica e técnica como iluminadora, escenógrafa e videocreadora en diferentes compañías coma Inversa Teatro, Cía Borja Fernández, Sarabela Teatro, Triatrerros ou ilMaquinario Teatro. Iniciouse como videojockey no trío acústico Trilitrate, co que traballa e acompaña bandas e espectáculos en vivo con imaxes xeradas en tempo real. Combinou soportes e formatos coma o stop-motion, a cámara a tempo real e infografías para crear atmosferas acordes con espectáculos en directo. Entre as súas últimas actividades destaca o seu traballo como videojockey no II Festival Metamovida (2015), desenvolvido na Sala Capitol de Santiago de Compostela; e as videoproxeccións para o espectáculo *Insulto ao público* (2016), de Peter Handke, dirixido por Uxía P. Vello e Borja Fernández e estreado no Festival Escenas do Cambio en Santiago de Compostela. No 2018 recibe o premio María Casares polo seu traballo como escenógrafa na peza *Resaca*, de ilMaquinario Teatro.

XAVIER BÉRTOLO

ESPAGO SONORO




XAVIER BÉRTOLO é licenciado en piano e música moderna pola ESMAE de Porto, licenciado en Física pola USC, estudou piano con Abe Rábade e German Kucich e composición con Nuno Ferreira e Carlos Azevedo entre outros. Membro fundador de Cró!, director e músico na Orquesta Metamovida, teclista na banda de improvisación conducida Comando Radar e recentemente desenvolvendo o seu proxecto de electrónica e visuais, Corvax, con Laura Iturralde.

A súa actividade profesional sempre estivo ligada ao mundo do underground: Comezou coa súa banda Cró! aló polo 2007 e xa levan 4 discos editados, recibindo o premio a Mellor Banda de Rock Galega na II edición dos Premios Martín Codax. Formou parte da xénese do colectivo Metamovida do que xurdiu a Orquesta Metamovida. Tamén colaborou coas bandas dese colectivo na grabación e xira do Mauna Loa de Guerrera ou compoñendo algún tema para o primeiro disco de Triliterate. En 2016 pasa a formar parte do estudio de videoxogos Fosfatina Arcade, e no 2017 lanzan a aventura gráfica *Saucer-Like* na que compón a banda sonora orixinal e os efectos de son. Este último ano 2018 estivo traballando nun novo videoxogo e tamén participou como director musical na rodaxe do filme *9 fugas* de Fon Cortizo. No campo audiovisual tamén cómpre destacar as composicións feitas para a curta *Todo por Galactus* (2017) e o minidocumental *Gonzalo Viana: Barro e mar* (2014)

A composición da música e o espazo sonoro d'*O empapelado amarelo* suporá a súa primeira incursión no mundo do teatro.

RENATA UZAL

VESTIARIO



RENATA UZAL é diplomada en Estudos Superiores de Deseño de Moda e Estilismo (2005-2009) e Técnico Superior de Indumentaria (2002-2004) pola Escola Superior de Artes e Oficios Mestre Mateo de Santiago de Compostela.

Traxectoria profesional no Deseño de Moda, Estilismo de Cine e de Televisión, medrando e traballando en diversos formatos e produtoras, algunhas delas: *Lobos de Arga* de Vacafilms S.L., *Mar libre* (Dani de la Torre) de Ficción Producciones S.L., series para T.V.G. *Libro de familia*, *O Faro*, *Fontealba*, películas de época : Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal de Atlántida Media y Zenit T.V., *El Club de los incomprensidos* de Bambú Producciones, *Trote* (Xacio Baño) de Frida Films, *Arima*, de Esnatu Zinema. Mestura a paixón profesional coa ilustración do seu universo persoal, baixo o selo “De Alma & Hueso”: pezas ilustradas sobre diversos materiais e deseño, patronaxe e confección de roupa coa alma evocadora que xorde do cine, da música, da literatura, do mar ... plasmando na maioría dos proxectos a anatomía humana para que músculos, ósos e veas sexan a configuración na que nada e se inspira a súa creación.

LUCÍA ESTÉVEZ

AXUDANTE DE DIRECCIÓN E IMAXE GRÁFICA



LUCÍA ESTÉVEZ é graduada en Comunicación Audiovisual na Universidade de Vigo (2012-2016), cun Erasmus na Universidade Católica de O Porto (Portugal, 2014), onde profundiza no ámbito da creación artística e plástica. Dende os seus estudos traballa en cine, televisión e publicidade nos departamentos de cámara e dirección. A súa inquietude por investigar no eido da dirección de actrices e actores fai que manteña unha formación constante en relación ao cine e ao teatro, traballando en compañías como A Quinta do Cuadrante, Emedous ou Teatro Muxicas, da fundación ONCE.

A columna vertebral do seu traballo como creadora xoga entre a danza e a ficción, o traballo corporal e as estruturas familiares. En 2017 recibe a axuda de creación para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego pola súa curtametraxe *Sendeiro* (con estrea no Festival Internacional de Cine Curtocircuito, Mención Especial do Xurado no Festival M de Cine, en Meira). En 2018 recibe o Premio María Luz Morales ao Mellor Videoensaio Galego por *Muller Personaxe*. Para 2019 ten prevista a estrea de *Arrolo*, curtametraxe protagonizada por Melania Cruz realizada no marco do ChanfainaLab 2018. Prepara unha nova curtametraxe chamada *Luceiro*, protagonizada por María Vázquez e Melania Cruz, con rodaxe prevista para 2019.

Dramaturxia de **Tito Asorey** e **Melania Cruz**
en base ao relato de **Charlotte Perkins Gilman**

Interpretado por **Melania Cruz**

Escenografía e Iluminación
Laura Iturralde

Espazo Sonoro
Xavier Bértolo

Instrumentistas
Macarena Montesinos
Elena Vázquez

Vestiario
Renata Uzal

Deseño Gráfico, Fotografía e Vídeo
Lucía Estévez

Deseño e Realización do Pop-Up
Francis Canales

Axudante de Dirección
Lucía Estévez

Dirección
Tito Asorey

Unha produción de
A QUINTA DO CUADRANTE

AGRADECEMENTOS

Concello de Ourense, AAVV Falda do Pedroso, SGAE Santiago,
AISGE Santiago, Salón Teatro, María Vázquez, Víctor Duplá,
Camilo Franco, Lucía Regueiro, Sandra Varela, Ana Carreira,
ás nosas familias.

PÚBLICO

O empapelado amarelo está dirixido a un público adulto (maiores de 14 anos)

Está dispoñible unha Unidade Didáctica para poder ser usada en funcións destinadas a Centros Educativos, centrada na necesaria reformulación da presenza da muller nos cánones literarios, científicos e artísticos actuais, así como no papel da muller na sociedade dende que o relato foi escrito ata os nosos días.

CONTACTO

Distribución: Tito Asorey
(+34) 639 844 226

aquintadocuadrante@gmail.com

A QUINTA
DO CUADRANTE

